



## 26 DE XANEIRO, DÍA MUNDIAL DA EDUCACIÓN AMBIENTAL 2017

É fundamental informarnos sobre cómo podemos contribuír a mellorar o noso medio ambiente.



*“Ningún país, ningunha persoa pode resolver este problema sen axuda dos demais.”*

Neste 2017 cúmprense 42 anos desde que o mundo celebra o 26 de xaneiro coma **Día Mundial da Educación Ambiental**.

Ao igual que comprendemos saberes matemáticos, lingüísticos ou históricos é tamén indispensable adquirir coñecementos ambientais. Non hai mellor forma de axudar ao **medio ambiente** que tendo conciencia sobre as boas e as malas prácticas.

**Quizais moitos dos erros que cometemos débense á carencia de coñecementos do noso entorno e de como coidalo.**

Para garantir un ecosistema sostible ás xeracións actuais e futuras non hai mellor método que a ensinanza. Unha **educación** dende a idade temperá axudará a evitar hábitos daniños no entorno.

## COÑECER OS ERROS. AXUDARÁ A CONSEGUIR SOLUCIÓNS!!

A celebración do *Día Mundial da Educación Ambiental* pretende alonxarnos da indiferenza e **TER ACTITUDES PARA SEGUIR APRENDENDO POR E PARA O NOSO ENTORNO.**

Unha sociedade informada, **pode:**

- ✓ **fomentar** condutas responsables co medio ambiente;
- ✓ **utilizar** os recursos de xeito máis sostible;
- ✓ **coñecer** as orixes dos problemas ambientais.

A necesidade dunha cooperación social está latente porque **non hai maior cambio, que o sentimento de querer facelo.**



*Debemos axudar a que sigan existindo os ecosistemas do planeta.*



Por iso, e aínda que sexa de forma puntual, sería de axuda ter en conta esta celebración e realizar algún tipo de actividade especial para reforzar o que debería ser

**UN DÍA A DÍA NA NOSA VIDA.**